



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, M^a Consuelo
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Íñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García Señorán, M^a del Mar
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, M^a Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel
Dominguez Blanco, Santiago
Gómez Fariñas, Beatriz
González López, Raquel
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 29 de abril de 2020, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día **29 de abril de 2020** comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 16 (Secretaría Xeral) do Campus Remoto. Os membros conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Previamente, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión).

- Nas quendas de palabra. Intervencións: máximo 5 minutos.

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de votación.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento.

- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto).

- Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento

- Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado.

- Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral.”

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria que manifestaron interese en asistir á reunión poden seguila mediante un enlace URL xerado aleatoriamente que se lles comunicará ao comezo da mesma, aos efectos de garantir axeitadamente o cumprimento da normativa sobre protección de datos.

Os puntos da orde do día son os seguintes:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de marzo de 2020.

Recibíronse tres alegacións sobre cuestións formais que xa foron incorporadas á acta e comunicadas aos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de marzo de 2020.

2.- Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

Recibíronse parabéns do Rei, do ministro de Universidades, da CRUE, e da Consellería polo paso de docencia presencial a non presencial e polos esforzos feitos polos membros da comunidade universitaria: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e alumnado. Celebrouse unha sesión ordinaria do Consello Social a través de Campus Remoto. A Universidade de Vigo subiu na clasificación de transparencia á segunda posición.

A profesora Laura Movilla recibiu o Water Drop Award, concedido pola International Water Resources Association. O profesor Santiago Lago forma parte e coordina o comité de expertos económicos para a saída da crise en Galicia. A III Olimpíada Galega de Historia adáptase ao formato virtual. Estase a desenvolver o curso virtual sobre igualdade con notable presenza de membros da comunidade universitaria (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos). Suspéndese o Campus Camp. Estamos a negociar os temas de prazas de titulacións, informaremos no vindeiro Consello de Goberno. Semella que unicamente teremos problemas cun máster.

Acordo básico entre as Reitorías da UVigo e a UdC para tentar por en marcha o máster de Enxeñaría Aeroespacial. Pasa por unha avaliación externa, co acordo das dúas universidades para validar o plan de estudos, a partir das propostas presentadas e outros plans vixentes en España. Tentaremos chegar a tempo para a súa implantación no vindeiro curso.

Comenta os antecedentes da situación actual:

- 10 de marzo. Protocolo establecido polas Consellerías de Sanidade e de Educación: se aparece un caso nunha aula, mándase a casa e tamén ás persoas coas que ten máis relación. O resto segue en clase.
- 12 de marzo. O Goberno autonómico decide o peche da actividade docente a partir do seguinte luns coa posibilidade de non ter clase o venres.
- 12 de marzo. A UVigo decide non ter clase o venres.
- O horizonte era que o persoal seguira indo aos centros.
- 14 de marzo. O presidente do Goberno comunica o estado de alarma.
- 14 de marzo. A Universidade de Vigo decide que o luns os centros estarán pechados e indica que persoas teñen a obriga de acudir para organizar o traballo do PAS. O profesorado xa non debe asistir.
- 16 de marzo. Negociamos coa representación sindical do PDI e do PAS (máis ben explícanse as medidas). Non hai clase presencial.
- Trabállase no reforzo de Faitic, a nosa plataforma de teledocencia.

- Ponse a funcionar en probas Campus Remoto, que remata co establecemento dun xemelgo virtual. Inicialmente hai tres equipos decanais que queren quedar á marxe. Finalmente clónanse todos os centros. A primeira semana serve para avaliar o sistema e para ver que funcionalidades habería que implementar.
- Ata as vacacións de Semana Santa o sistema vaise depurando.
- Obxectivos do equipo reitoral:
 - ✓ Paso de docencia presencial a docencia online.
 - ✓ Paso de exames presenciais a exames online, favorecendo a avaliación continua e, de ser o caso de que haxa exames, que pesen o menos posible.
 - ✓ Manter as datas do curso académico con algunhas excepcións.
 - ✓ Non devaluar as titulacións.
 - ✓ Que todo o traballo siga coma sempre pero utilizando teletraballo.
- 24 de marzo: Estamos ó día en canto a aprobación de límites de prazas, solicitudes de modificacións de títulos, posta en marcha de novos PCEOS, organización docente para o vindeiro curso, etc.
- O propio 24 celebrouse xuntanza dos 3 reitores coa conselleira.

Fala da Instrución da VOAP - 30 de marzo:

- Recolle os principais aspectos referentes á organización das actividades docentes durante o período de non presencialidade:
 - ✓ Docencia virtual
 - ✓ Guías docentes
 - ✓ Actividades de avaliación
 - ✓ Tutorías
 - ✓ Outras actividades académicas

Informa sobre a reunión da CRUE – Ministerio do 2 de abril:

1. Establecer un marco de actuación común para todo o Sistema Universitario Español (SUE) no cal cada universidade, no ámbito da súa autonomía, poida tomar as medidas adecuadas para o obxectivo marcado.
2. Establecer, con criterios obxectivos, o nivel mínimo que se debe acadar nos diversos cursos/materias para a verificación dos coñecementos adquiridos polo estudantado. Todo iso condicionado a que as competencias xerais e específicas non conseguidas se poidan obter, de ser preciso, en cursos posteriores.
3. Analizar a ampliación do curso académico para a defensa de TFG e TFM, así como - excepcionalmente- para aquelas prácticas curriculares que se consideren esenciais.
4. Considerar como superadas as prácticas curriculares externas cando estas se realizaran, polo menos, nun 50 %. Os créditos restantes completaranse, en caso necesario, con seminarios ou outras actividades.
5. Analizar posibles mecanismos de avaliación en liña de cara a un posible escenario no que non se retome a presencialidade a partir de xuño. Esas ferramentas de avaliación, entre as que se atopa a avaliación continua, deben ser coherentes coa situación e quedar definidas no menor tempo posible para cada materia. Informarase de todo isto ao estudantado.

Comenta asemade sobre a REACU o 3 de abril e a reunión coa Secretaría Xeral de Universidades o 7 de abril, onde se sinalou que o profesorado responsable de cada unha das materias do plan de estudos das titulacións de grao e máster universitario, deberá:

- a. Ter operativa unha aula virtual ao dispor do seu alumnado.

- b. Adaptar a programación docente prevista para o presente curso ás metodoloxías non presenciais.
- c. A impartición da materia realizarase respectando as datas contempladas no calendario académico aprobado para o curso 2019/2020.
- d. Os contidos de cada materia deberán impartirse de xeito íntegro, agás en casos excepcionais que se xustificarán debidamente polo profesorado responsable da mesma.
- e. Subministrar ao alumnado orientacións, materiais e ferramentas para facilitar a preparación dos contidos e a adquisición de competencias de xeito adecuado.
- f. Subministrar ao alumnado unha temporalización clara da posta a disposición dos materiais docentes e das tarefas a realizar polo mesmo.
- g. Dar a coñecer de xeito preciso ao alumnado calquera cambio nos baremos e criterios que se terán en conta para a avaliación dos coñecementos.
- h. Manter abertos canles de comunicación directa co alumnado (horario de atención, solución de dúbidas, corrección de exercicios, clase en directo...).

Sobre a Resolución Reitoral do 7 de abril sinala o seguinte:

O mesmo día da emisión da instrución da Secretaría Xeral que fixa o 15 de abril como data tope para poñer en marcha as medidas previstas para a docencia virtual, publícase a RR que obriga ao noso PDI a cumprir coa devandita docencia.

Informa sobre a xuntanza cos directores e decanos - 13 de abril.

- Por unanimidade, os decanos e directores aceptan o punto de vista da Reitoría sobre a finalización de clases mantendo datas de exame.
- Acórdase flexibilizar 15 días os calendarios de exame e permitir lecturas de TFG e TFM en setembro.
- Acórdase que os exames do segundo cuatrimestre serán non presenciais.

En canto á Resolución Reitoral sobre probas de avaliación - 14 de abril, subliña o seguinte:

- Para eliminar incertidumes publícase a RR indicando que os exames do segundo cuatrimestre serán non presenciais.
- As distintas opcións de exame xa estaban na Guía 1.0 de avaliación.

Sobre as xuntanzas co estudantado, foron as seguintes:

- Consello de Estudantes (CEUVI). Domingo 5 de abril e venres 24 de abril
- Asociación Erguer
- Alumnos matriculados no TFG de Belas Artes de Pontevedra
- Alumnos matriculados no Grao en Turismo de Ourense
- Alumnos matriculados no Grao en ADE de Ourense (asistiron delegados tamén)
- Delegación de alumnos e alumnos matriculados en Informática de Ourense (máis de 100)
- Delegación de alumnos de Ciencias do Mar de Vigo
- Delegación de alumnos de ADE de Vigo. Tamén asistiron alumnos do PCEO
- Alumnos do PCEO ADE-Informática de Ourense
- Alumnos da Facultade de Ciencias de Ourense
- Alumnado de Económicas de Vigo
- ANEGA - Sábado 26 de abril

O 21 de abril aconteceu o seguinte:

- Nova xuntanza dos tres reitores coa conselleira de Educación.
- Queda por definir se vai haber unha postura conxunta sobre a finalización do curso académico presente e o inicio do curso 20/21.

- A postura da UVigo xa é coñecida polas autoridades galegas: manter, sempre que sexa preciso, as datas inicialmente propostas.
- Teremos que tomar decisións tamén sobre a avaliación de segunda oportunidade.

Finalmente, o 27 de abril houbo:

- Xuntanza co ministro de Universidades e a conselleira de Educación.
- O ministro fai constar a súa preocupación por distintos temas, e concorda coa posición de rematar o curso sen devaluación das ensinanzas e cunha avaliación xusta e flexible. Tamén avoga pola flexibilización de distintas medidas de axuste de cualificacións, e amosa o seu rexeitamento do aprobado xeral.

Informa asemade sobre as plataformas de teledocencia e sobre as ferramentas informáticas das que se dispón de licenzia actualizada. As plataformas facilitadas pola Reitoría son Faitic e Campus Remoto e expón o seu funcionamento básico, así como a evolución do número de accesos ás mesmas, xunto con exemplos da salvagarda do sistema en relación con Faitic.

Fala tamén sobre o Campus Remoto;

- En marzo de 2020 púxose en produción campusremoto.tv.uvigo.es
- Supón crear un xemelgo dixital da Universidade de Vigo.
- Xa ten creadas aproximadamente unhas 1.600 aulas.
- As salas por Facultade/Escola creáronse segundo o criterio dos propios centros.
- Moitos replicaron aulas de teoría, seminarios, aulas de informática ou laboratorios.
- Tamén creáronse 2 salas de probas para cada centro.
- Utilizárono 860 docentes, o 64 % do PDI (algún profesorado xa tiña rematada a súa docencia).
- Semella que o sistema vai aguantar se os centros deciden que a maioría das clases se retomen deste xeito.
- Poderase gravar, o que será de axuda para o estudantado que non poida seguir as clases en directo (porque o ordenador a esas horas o utilizan outros membros da familia ou polo ancho de banda).
- Poderase utilizar para exames orais ou combinado con Faitic en exames escritos.
- Debido ás circunstancias actuais de confinamento creuse conveniente poñelo en funcionamento, aínda faltando algunhas opcións que se van implementando paulatinamente.
- Entrada e control de acceso mediante clave de profesor e clave de alumno para as aulas directas.
- Gravación de vídeos.
- Entrada e control de acceso mediante rexistro para las aulas directas.
- Conexión con Faitic e UvigoTv.
- Repositorio de vídeos.
- Se dispón de servidores en el CPD da Universidade e na nube.

Comenta tamén sobre a denominada fenda dixital, cara as dificultades que pode presentar a docencia virtual para o alumnado afectado por problemas de conexión e as medidas adoptadas ao respecto (particularmente o envío de mi-fis ao alumnado que así o solicitou, así como o empréstimo de ordenadores). Informa sobre o asunto relativo ás modificacións das guías docentes, que será tratado despois, e das datas previstas.

Sinala a intención de facer enquisas sobre docencia non presencial, a finais de abril, e anuncia que as enquisas de avaliación docente estaban previstas de xeito presencial, e que se está a negociar coa empresa que se fagan de xeito telemático, aínda que non vai ser posible en todos os casos. Está avanzada tamén a enquisa do programa docencia. Anuncia que o Claustro convocarase de xeito presencial ou ben en xullo ou ben en setembro. Fala dos cambios nos exames, cara a non presencialidade, sen descartar aínda a presencialidade no mes de xullo. Finalmente, comenta que a posibilidade de proctoring

(programa “respondus”, remitido pola CRUE-TIC) nos exames foi contemplada inicialmente, pero descartouse debido ás dúbidas sobre a protección de datos.

Conclúe detallando o custo das medidas adoptadas, agradecendo a colaboración de grupos e persoas nas doazóns de equipos PCR e EPIs, así como da asociación estratéxica ao respecto con ASIME, e diversas iniciativas solidarias da comunidade universitaria e traballos de investigación. Fala das posibilidades de investigación multidisciplinar que xorden no actual contexto. Contribuíuse con 116.000 euros a un fondo de investigación en materia da COVID-19, auspiciado polo Banco de Santander. Comeza a estudarse tamén como se producirá a denominada fase de “desescalada”, o que se falará cos representantes do persoal.

Pregunta Eva Lantarón como se distribuirán os equipos de protección. O reitor indica que se está a traballar nas condicións de acceso, que serán restritivas en canto ao espazo, etc. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta que a idea é dispoñer de todos os medios xa desde o principio: máscaras de protección, xeles, luvas, etc... Hai un pedido grande que ven por mar. En quince días poderá terse practicamente todo, e logo distribuirase aos centros. Haberá que ter coidado coas medias de distancia social.

Juan Rico pregunta polo dato de equipos informáticos prestados. O reitor sinala que se lle facilitará a información detallada por centros. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade agradece a colaboración do Parque Móbil.

Marta Pazos pregunta se a desescalada negociárase cos representantes do PDI, ao que o reitor resposta afirmativamente, aínda que dependemos das medidas do Goberno central ao respecto.

Eva Lantarón pregunta como se van a distribuír os permisos aos profesores para acceder aos centros. Dependerá ou ben da Vicerreitoría de Investigación ou ben da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, segundo a información proporcionada polos centros.

María José Ríos comenta que co uso das cámaras termográficas suponse que a entrada no centro vai ser por unha única porta, non dende os garaxes, por exemplo. O reitor indica que así é, pero o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta que se poden dar solucións alternativas.

Raquel González López pregunta polas cifras sobre o traballo do PIUNE e o Gabinete Psicopedagóxico, número de xente atendida, estado ou existencia de listaxes de espera... O reitor informa que estase a desenvolver a mellor labor posible dadas as circunstancias.

Marta Pazos sinala que o protocolo vixente de 1persoa por laboratorio non é viable para continuar os seus traballos. Belén Rubio responde que comuniquen a necesidade que teñan e a estudarán, en función do tamaño do laboratorio.

Mar García Señorán pregunta se podemos enviar aos centros copia do listado de estudantes que xa teñen solucionados os problemas de conectividade. Sinala que estanse recibindo novas solicitudes de estudantes pero ao parecer se lles está dicindo que xa non se atenden pedimentos posteriores ao 13 de abril. Pregunta se podemos confirmar se ese dato é correcto. O reitor proporciona os datos dos que se dispoñen a tal efecto e sinala que houbo dificultades de localización das persoas, dada a información de que se dispoñía, ademais das dificultades técnicas. Tentárase responder á maioría das peticións aínda que non sempre será posible.

Juan Jesús Rico fai unha puntualización sobre o punto anterior, entendendo que, polas circunstancias que sexan, se un estudante non dispón de acceso a internet non pode ser avaliado, pois non era un requisito para matricularse. Eva Lantarón responde que “en ese caso tendrá que esperar a que se levante el estado de alarma para la realización del examen”. O reitor indica que se están a manexar distintas posibilidades a este respecto para resolver problemas de este estilo. Jesús Rico agradece a aclaración.

3.- Aprobación, se procede, dos cambios no calendario académico correspondente ao presente curso académico a causa da situación creada polo estado de alarma causado pola crise da COVID-19.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen informa das modificacións de datas relativas ao calendario académico do presente ano, motivadas polas circunstancias excepcionais derivadas da crise sanitaria causada pola COVID-19. Trátase de dar maior flexibilidade. Os centros poden manter as datas de entrega actuais, xa que son datas máximas. Concretamente:

- Trasládase a data de remate do segundo cuatrimestre do presente curso do 5 ao 19 de xuño.
- Trasládase a data de remate de entrega de actas do segundo período do 19 de xuño ao 3 de xullo.
- Trasládase a data de inicio de apertura de actas da segunda oportunidade do 22 de xuño ao 7 de xullo.
- Trasládase a data de remate de entrega de actas da segunda oportunidade do 17 de xullo ao 31 de xullo.
- Trasládase a data de remate de entrega de actas do segundo período para TFG, TFM e prácticas externas do 26 de xuño ao 10 de xullo.

Francisco Rodríguez pide que esa cuestión de que o centro poida cambiar a data de entrega de actas para a que estaba antes, figure no documento de forma expresa para evitar reclamacións do profesorado. Jorge Falagán e Eva Lantarón o secundan. O secretario xeral responde que non hai problema.

Juan Pardo entende que a data do 21 de setembro debería alongarse máis aló, dada a parálise que tiveron a maioría dos estudantes. O reitor indica que tal vez se poida facer cos TFM, pero o ve máis complexo cos TFG. Manuel Ramos introduce un matiz sobre o custo da matrícula de fin de carreira, que pode servir para que o alumnado dispoña de tal posibilidade máis facilmente para rematar. Juan Pardo pregunta pola convocatoria de fin de carreira para os másteres e pide que se incorpore nos estudos de máster. O reitor indica que se preguntará se é posible facelo así e que, en tal caso, se non houbera problema por parte dos servizos, incluírase no calendario. Natalia Caparrini indica que son os centros os que poñen as datas de defensa dos TFG/TFM, polo que non ve moito sentido a unha convocatoria específica de fin de carreira para os másteres. Juan Pardo y Natalia Caparrini debaten brevemente sobre este asunto. Juan Pardo insiste na necesidade da convocatoria extraordinaria para o máster.

Daniel Couto está de acordo coa proposta de Juan Pardo e pregunta tamén se a extensión do calendario académico ten como fin a realización dos exames e non a ampliación da docencia. O secretario xeral sinala que depende do que dispoña cada centro.

María José Ríos sinala que o TFG ao facerse noutro curso pode afectar ás bolsas de estudo, sobre todo se queren obter bolsas para facer o máster. O reitor sinala que se estudará ese inconveniente.

Mar García Señorán indica que os estudantes que non teñan rematado o practicum poden defender o TFG e o TFM. Pero poden ter materias pendentes. Solucionaría o problema a inclusión de esa nova convocatoria. O reitor está de acordo.

Íñigo Cuiñas indica que, se se cambian as datas, convén aclarar que non ha lugar a que haxa clases no mes de setembro. O reitor sinala que así é.

Apróbase por asentimento introducir os cambios no calendario académico do curso presente.

Apróbase por asentimento consultar cos servizos a posibilidade de incluír unha convocatoria extraordinaria de fin de carreira nos másteres.

4.- Acordo, se procede, sobre o conxunto de actuacións previstas cara ao remate do presente curso académico a causa da situación creada polo estado de alarma causado pola crise da COVID-19.

O reitor pasa a expoñer o conxunto de actuacións previstas, que se someten a aprobación polo Consello de Goberno.

Primeiro.- Sobre a modificación do calendario de exames polos centros.

1. Cada centro poderá modificar o calendario de exames aprobado para cada unha das convocatorias pendentes do curso 2019/20 para adaptalo ao recollido nas modificacións que se efectúen nas guías docentes.
2. Co fin de que o alumnado estea informado coa antelación suficiente, as datas límite para aprobar e publicar as modificacións ás que se refire o punto anterior, serán as seguintes:
 - a. Para os exames finais que se manteñan na avaliación do segundo cuadrimestre: o 8 de maio.
 - b. Para os exames finais de segunda oportunidade: o 15 de xuño.
3. Os centros procurarán axustarse aos seus respectivos calendarios de exames xa aprobados, podendo facer os cambios imprescindibles para o axeitado desenvolvemento das probas de avaliación.

Non hai debate sobre este punto. Apróbase por asentimento.

Segundo.- Sobre a avaliación non presencial.

1. As probas de avaliación correspondentes ao segundo período non serán presenciais, e tampouco as de segunda oportunidade, agás que, respecto destas, as circunstancias permitan realizar exames presenciais, malia que, se na data do primeiro de xuño non quedara garantido tal extremo, as ditas probas levaranse a cabo de xeito non presencial.

Daniel Couto Cancela pregunta se sería posible acordar xa, antes do 1 de xuño, que os exames de segunda oportunidade non sexan presenciais. Raquel González está de acordo. Eva Lantarón sinala que os exames da segunda convocatoria deben ser tamén non presenciais, pero que os do primeiro cuadrimestre do curso que ven deberían ser presenciais, contando coas medidas de seguridade oportunas. Susana Reboreda prefire que os centros decidan: ou ben que sexan non presenciais ou que se agarde ao 1 de xuño. Xosé Manuel Cruz apoia esta petición, así como Íñigo Cuiñas, Gil Garrote, Mar García Señorán e Juan Pardo. O reitor comenta os problemas de distancia social que supón a presencialidade dos exames. O reitor cre que os centros poden tomar esa decisión, como propón Susana Reboreda. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta as dificultades que pode presentar a presencialidade, a maiores das medidas de seguridade. Daniel Couto pregunta se é a mellor opción tendo en contra restricións de provincias e limitación de transporte público. O reitor sinala que, por suposto, se terá en conta, así como o indicado polo vicerreitor de Planificación e Sostibilidade. María José Ríos indica que se non hai unha previsión do número de centros e ao final hai varios, pódese provocar un movemento de persoas bastante elevado. O reitor indica que estase a traballar nesas medidas.

Marcos Estévez comenta que para facer exames presenciais o PAS terá que estar operativo en número suficiente para garantir o servizo. O reitor comenta que se irá decidindo conforme chegue a información.

Raquel González, polo ben do alumnado, e para evitar esta incerteza, propón a non presencialidade sen outras opcións. Sobre todo, pensando no alumnado de risco. Daniel Couto sinala que, nese caso, sexa baixo o criterio do centro, pero coa aprobación do equipo de goberno/reitor, dados os riscos

para a saúde. O reitor indica que se pode agardar a que haxa un informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

Xoán M. Cebro suxire poñer: “se os exames finais non poden ser presenciais deberán ser substituídos por probas finais telemáticas; estas probas poderán ser tanto de carácter síncrono como asíncrono. Os centros deberán incluír no calendario de avaliación as datas de celebración destas probas”.

Santiago Domínguez Blanco concorda con Raquel González, pois entende que ademais dos alumnos que sexan factor de risco, temos a incerteza dun repunte de casos que obrigue a cambiar de novo a modalidade non presencial poucos días antes do exame.

Juan Pardo di que en caso de decidir o centro ten que ser baixo ese consentimento e que se dean todas as circunstancias.

Íñigo Cuiñas comenta que o máis seguro é fixar exames non presenciais e só autorizar casos concretos desde a Reitoría. Aclara mellor a súa proposta, dado que hai moitas situacións que implican problemas na presencialidade. O reitor está de acordo con esta proposta.

Raquel González sinala que á proposta de Íñigo Cuiñas engadiríalle, ademais desa xustificación, unha planificación de que se cumpren as medidas sanitarias e de seguridade.

María José Ríos pensa que as cousas é mellor deixalas xa concretadas, non dar pé a ter que ir cambiando segundo muden as circunstancias cada día.

Raquel González repite, que non só hai risco para o alumnado común, senón para ese alumnado que por doenzas crónicas, etc., sexan factor de risco. As medidas nestes casos deberán ser moito maiores, e que este alumnado faga exames presenciais é un risco moi grande.

Juan Pardo cre que é difícil adaptar a proposta de Íñigo Cuiñas, que se refire a materias concretas, particularmente nas titulacións de carácter experimental. Pensa que deixar unha porta aberta, como a do 1 de xuño, é unha boa solución.

Jose J. Pazos pensa que “los criterios deberían ser sanitarios principalmente, pero hay que justificar también la imposibilidad de hacerlo no presencial por la naturaleza de la materia”. Íñigo Cuiñas está de acordo. Daniel Couto tamén considera que o mellor é decidir facelo non presencial e que certos casos se decidan individualmente.

Santiago Domínguez sinala que o asunto é que “a 1 de junio no es seguro que haya garantías de que con la desescalada no empeore la situación en julio. No me parece muy lógico que se estudie el uso del campus remoto para el año que viene por una posible reescalada, pero que en junio se permitan exámenes presenciales”.

Manuel Ramos di: “son 1600 materias, só de grao, máis case outras tantas de máster. Tomar unha decisión materia a materia pode dar lugar a centos de solicitudes”. Jorge Falagán sinala que as solicitudes sempre serán subxectivas.

Xoán M. Cebro opina: “esquecedes unha pequena cousas: para a planificación de todo isto, tería que reunirse, canto antes, a Comisión de Riscos Laborais da universidade, onde están presentes os colectivos da comunidade. Ver as resolucións do Ministerio de Sanidade”.

Susana Robereda é partidaria de unificar as decisións para todos os centros. Jorge Falagán aposta pola non presencialidade.

Íñigo Cuiñas precisa “lo que quise decir es que sean no presenciales... y sólo se puedan considerar excepciones en determinados casos y con todo bien atado, claro”.

José Manuel Cruz presenta a seguinte proposta: “Los centros podrán decidir a fecha 1 de junio realizar las prueba de forma presencial si la Xunta aprueba esta medida y las recomendaciones sanitarias a esa fecha así lo permiten”.

Mónica Valderrama opina que “recopilando intervencións penso que estades de acordo en que sexa non presencial a avaliación”.

Raquel González cre que agardar para tomar esa decisión (condicionada a que as autoridades sanitarias o permitan) e que despois díso ata os exames, pensando que non varíe, é “unha incertidume demasiado grande para todos, pero sobre todo para o alumnado”.

Jacobo Porteiro pensa que deberemos adaptarnos á nova normalidade, sendo partidario de facilitar a presencialidade, adaptada á mesma. Eva Lantarón comparte a idea de Jacobo, dadas as peculiaridades da súa titulación, con pouco alumnado e necesidades claras de actividade presencial. Martín Moreno entende que a nova presencialidade non ten unha data garantizada.

Juan Pardo sinala que a data de 1 de xuño está prevista precisamente para tomar esa decisión sobre a eventual presencialidade, que neste momento está suspendida.

José Luis Míguez está de acordo en que as decisións as tomen os centros a partir do 1 de xuño, pero que se debe permitir, en todo caso, a opción da non presencialidade ao profesorado. Pon de manifesto os problemas de acceso presencial ao Campus de Vigo.

O reitor propón que “as probas de segunda oportunidade programaranse para a súa realización de xeito non presencial. A finais de maio, en base a criterios sanitarios, previo informe do Servizo de Prevención e Riscos Laborais e acordo da comisión de Riscos Laborais, a Reitoría indicará que posibilidades existen de facer un certo número de exames de xeito presencial. Nese caso, o centro que desexe pasar algúns exames á modalidade presencial, poderá solicitalo cumprindo aquelas garantías que se lle solicite. A decisión final, recaerá no Consello de Goberno”.

Raquel González di que non lle parece antelación suficiente “para la correcta información al alumnado y para la posterior preparación de dichos exámenes”. José Manuel Cruz respóndelle que “el temario hay que prepararlo, sea el examen presencial o no presencial”. Raquel González di que “non solo falo de preparación académica. A situación e estabilidade mental e psicolóxica do alumnado (e de todos, supoño) non é a habitual”.

Íñigo Cuiñas di: “hasta superar la fase III no se permiten viajes interprovinciales, y después sólo entre provincias que hayan superado la fase III”

Raquel González comenta “un alumno con alto risco por patoloxías previas, saber con pouca antelación que ten que ir a facer un exame presencial, ou despois non etc... é un risco”

Eva M^a Lantarón opina “yo creo que no debe ser algo generalizado ... lo de la presencialidad, que habría que evaluarlo por titulación y materia”.

Susana Reboreda comenta “en Ourense e Pontevedra no caso de que non sexan de fóra e deixasen os pisos”.

Raquel González cre: “como di Susana, outro problema son os pisos, moitos xa os deixaron, se as probas fosen presenciais, terían un problema”.

Daniel Couto Cancela engadiría no final que “a Reitoría autorizará a petición dos centros asumindo a responsabilidade”. Debate co reitor sobre este asunto. O reitor sinala que se pode engadir un terceiro parágrafo atribuíndo ao Consello de Goberno a decisión. María José Ríos está de acordo, así como Susana Reboreda e Francisco Rodríguez.

Engadiríase o seguinte “a decisión final a tomará o Consello de Goberno convocado para avaliar a oportunidade de pasar a modelo presencial os exames solicitados polos centros. A Reitoría emitirá un informe previo sobre as posibilidades técnicas de cumprir os requirimentos legais”. Contarase

cos problemas de mobilidade interprovincial e as garantías de seguridade, como insiste Raquel González. Manuel Ramos entende que as peticións as farán os centros. María Isabel Doval comenta os problemas de mobilidade internacional. Raquel González insiste en que “tendo en conta que a decisión se tomará o 1 de xuño, e que nese mesmo mes xa habería exames, sigo a pensar que non é tempo de antelación suficiente para comunicarllo ao alumnado”.

María José Ríos opina que “ao mellor sería bo que se especificara en que se basea a solicitude”.

Íñigo Cuiñas quere incluír alternativamente "os exames da segunda convocatoria serían non presenciais"

Belén Rubio sinala que as excepcións deberían ser poucas, se as hai.

Raquel González cre que é mellor a excepción de materias moi concretas e cunha xustificación correcta, e que esas excepcións deberían ser mínimas. Íñigo Cuiñas está de acordo.

Raquel González di que en Belas Artes, por exemplo, dado que teñen que facer unha obra, etc... pode ser individual.

María Isabel Doval quere que se inclúa "no caso de estudantes estranxeiros (incoming) que regresasen ao seu país de orixe pola situación de emerxencia sanitaria habilitarase a modalidade de exame non-presencial".

Íñigo Cuiñas pide unha aclaración sobre a votación. Manuel Ramos aclara as diferencias entre as propostas: Proposta 1: porta aberta á presencialidade (presentada polo reitor) Proposta 2: finalización do curso sen presencialidade (presentada por Raquel González). Sempre, en todo caso, se recuperaríase a presencialidade con todas as garantías para a saúde e o transporte. Raquel González pide votación, xa que hai exames en xuño.

Neste momento cae o streaming remoto. Recupérase aos poucos minutos.

Procédese a votación.

- ✓ Proposta 1: 40
- ✓ Proposta 2: 8
- ✓ Abstencións: 1

O texto queda como segue:

1. As probas de segunda oportunidade programaranse para a súa realización de xeito non presencial. A finais de maio, en base a criterios sanitarios e previo acordo da comisión de riscos laborais, a Reitoría indicará que posibilidades existen de facer un certo número de exames de xeito presencial. Nese caso, o centro que desexe pasar algúns exames á modalidade presencial, poderá solicitálos sempre cumprindo aquelas garantías que se lle soliciten. A decisión final a tomará o Consello de Goberno, convocado para avaliar a oportunidade de pasar a modelo presencial os exames solicitados polos centros. A Reitoría emitirá un informe previo sobre as posibilidades técnicas de cumprir os requirimentos legais.

Analízase a continuación o texto seguinte:

2. A avaliación non presencial rexeráse polos seguintes principios:

- a. Recoméndase a avaliación continua.
- b. No caso de que a avaliación continua non puidera substituír ao exame final, este non poderá supoñer en ningún caso máis do 40% da cualificación.
- c. En ningún caso poderá incrementarse o peso do exame final con respecto ao previsto na guía docente vixente no momento da declaración do estado de alarma.

O reitor abre o debate sobre este punto. Íñigo Cuiñas pensa que debe quedar como unha recomendación, para non forzar a que se fagan máis cambios. Puntualiza ademais que: “las limitaciones de porcentajes hay que cuidarlas: en las memorias de las titulaciones hay porcentajes escritos, tal vez incompatibles si ponemos obligaciones”. Elena Rivo contesta: “la REACU y Aneca dijeron que en esta situación se pueden modificar los porcentajes con respecto a la memoria”. Manteñen ambos un breve debate no chat sobre este asunto. Eva M^a Lantarón secunda unha nova redacción, como recomendación e non como obligación.

José Manuel Cruz propón retiralos, xa que mantelos pode redundar nun prexuízo ao profesorado, causándolles certa indefensión, e que as recomendacións non deben estar nun acordo deste tipo. Juan Pardo coincide e pide poñer “para o desenvolvemento da avaliación non presencial, se ben recoméndase que esta poida adaptarse a modalidade de avaliación continua, se tomarán en consideración o marco normativo e as indicacións recollidas no documento de referencia baixo a denominación de Manual de urxencia para a docencia e a avaliación”. Antonio Collazo coincide coa proposta de retiralos, sen que iso supoña que vaia faltar un seguimento.

Raquel González di que “la obligación de cambio debería ser mínima”. Daniel Couto propón que os cambios nas guías se expliquen e procedan dependendo da materia.

O reitor entende que deben retirarse.

A continuación, abórdase a denominada “cláusula Kent”. O reitor expón o seu fundamento. Este foi o texto orixinal proposto:

- a) No caso de que se detecte unha variación significativa entre os resultados académicos correspondentes ao período de vixencia do estado de alarma e os correspondentes a cursos anteriores dalgunha materia, e que puideran considerarse atribuíbles á situación xerada polo tránsito á docencia virtual, o Consello de Goberno poderá aprobar as medidas correctoras que considere oportunas, para a súa posterior aplicación a todo o alumnado de dita materia.

O reitor propón o seguinte cambio na redacción do punto 3 no apartado segundo anterior:

1. No caso de que se detecte unha diminución significativa entre os resultados académicos correspondentes ao período de vixencia do estado de alarma e os correspondentes a cursos anteriores nalgunha materia, e que puideran considerarse atribuíbles á situación xerada polo tránsito á docencia virtual, procederase a subir as cualificacións ata acadar unha situación semellante á de cursos anteriores, previo informe facultativo e non vinculante dos centros e/ou dos departamentos implicados.

2. A tal efecto, considerarase que os resultados son significativamente distintos cando a media das cualificacións da materia sexa inferior á media dos cinco cursos anteriores menos dúas veces a desviación típica ou cando a porcentaxe de estudantes que aproben con respecto ó número total de alumnos sexa inferior á media dos cinco cursos anteriores menos dúas veces a desviación típica deste parámetro.

Os representantes do alumnado da CEUVI propoñen a seguinte versión da cláusula de incremento:

“1. Unha vez superada unha materia, no caso de que a cualificación na acta da materia sexa inferior a nota media do expediente, a cualificación final que será reflectida no expediente académico será a nota media do mesmo.

2. Ademais, naquelas materias nas que se detecte unha desviación en relación ás taxas de éxito e rendemento e á media das cualificacións obtidas polo estudantado durante os últimos catro cursos académicos, o Consello de Goberno poderá solicitar ao departamento responsable da materia un informe no que se dará conta das causas que ao seu xuízo producen estas desviacións. De consideralo, o Consello de Goberno poderá corrixir ditas desviacións, cando estas prexudiquen ao

estudiantado, modificando de oficio a cualificación reflectida na acta da materia e por ende no expediente académico”.

O reitor sinala que tamén cabe a posibilidade de retirar este apartado.

Jacobo Porteiro cre que “se están mezclando dos cosas:

- La protección de los alumnos que por motivos de entorno (acceso a internet, entorno familiar poco favorable, etc.) tengan una caída en sus resultados.
- La corrección de posibles caídas en los resultados globales de ciertas materias por una mala adaptación a la no-presencialidad”.

Raquel González pensa que ambas casuísticas se teñen que ter en conta, e actuar ante as dúas.

Daniel Couto explica a proposta do alumnado. Pensa que hai materias onde se incrementou a carga e, dadas as dificultades para o acceso á docencia virtual, plantexan a súa proposta. Pensa que pode haber desigualdades respecto ao entorno do SUG, se non hai criterios comúns. Alega diversa normativa (entre ela os Estatutos da Universidade de Vigo) como fundamento para o seu texto. Aclara distintas posibilidades que se barallaron. Pensa que se pode complementar coas modificacións posibles nas guías docentes. A intención, en todo caso, é protexer ao alumnado.

O reitor comenta que estase a traballar en probas de carga coas plataformas para evitar atrancos.

Jacobo Porteiro expón a súa postura e debate con Daniel Cancela sobre a mesma.

Marta Pazos opina que “a modificación da nota, de ser o caso, unicamente tería que ser para os aprobados.... senón podemos chegar á situación de que os alumnos pacten para suspender a maioría e así asegurar o aprobado.... se queremos todas as universidades iguas... pois todas iguais”.

Juan Pardo cre que é un terreo delicado e que se dá por feito que a avaliación do docente non vai ser a xusta. Alude ao código ético previsto e á posibilidade de resultados atípicos. Pensa que a premisa é errónea e que se deberían contemplar medidas correctoras en toda a súa extensión.

Daniel Couto pensa que non hai mestura de problemas na súa proposta, que é coherente coas dúas problemáticas que aparecen aquí. Menciona o artigo 2 dos Estatutos e que hai que ter en conta non só a calidade da docencia, senón a situación actual. Pensa que hai docentes por debaixo da media na calidade esixida na docencia virtual, aínda que son unha minoría. Quere evitar desigualdades dentro da propia Universidade. Defende novamente a súa proposta.

O reitor indica que a súa percepción é que o que se aprobe non vai ter moito percorrido, dado que o profesorado terá en conta a situación excepcional, aínda que as titulacións non se poden devaluar. Non se debe tampouco vulgar a actuación do profesorado sen coñecer as circunstancias particulares de cada un, dadas as condicións de confinamento. Defende a fixación da cláusula, como excepción.

Juan Pardo sinala que a nota da acta debe ser o resultado directo da avaliación, o que é importante cara á sociedade. Insiste en que as avaliacións serán xustas, como ata agora. Entende que esa solución pode acabar danando á institución. José Manuel Cruz comparte esta opinión.

Daniel Couto sinala que “las desviaciones individuales propias del contexto personal, familiar o laboral se corrigen mediante un criterio académico, el expediente. Las desviaciones colectivas se corrigen bajo demanda del Consello de Goberno y tras informe justificativo del profesorado en órgano colegiado”

Raquel González opina: “las casuísticas no deberían imposibilitar un mínimo de comunicación con los estudiantes, y en muchos casos el problema viene de haber ignorado las recomendaciones. Y eso debería tener consecuencias para el profesorado”.

Marta Pazos comenta: “Na normativa existente da UVigo xa existe unha sobre revisión da nota por parte dun tribunal do departamento, porqué non aplicala e evitar este punto....”

Daniel Couto sinala que “la creación de mecanismos correctores está recogida en el Estatuto de la UVigo y en la ley educativa”. Entende que hai medidas e ferramentas para compensar e outros mecanismos correctores previstos. Este sería un medio extraordinario. Quéixase da modificación de certas guías docentes, incrementando a presenza do exame final. Pensa que non pode haber unha desconfianza mutua. Tan só se trata de incluír mecanismos que non son novos e xa existen.

Susana Reboreda destaca a traxectoria positiva do alumnado desta Universidade, así como o esforzo do equipo reitoral nas negociacións. Preocúpalle o agravio comparativo coas universidades do SUG. Pon como exemplo o problema do acceso a másteres que dependen do expediente do alumnado. O reitor dálle a razón, e insiste en que non esquece o problema das titulacións compartidas.

Santiago Domínguez sinala que existen casos de docentes cuxa escala de cualificacións é de 0-3, 5-8 e soamente poñen notas neses intervalos para burlar as medidas correctoras de avaliación por compensación, e por encima vanglóríanse do gran número de suspensos da súa materia. Carmen Ruíz comenta que lle sorprende que se insinúe que algún docente se vanglorie do número de suspensos. Santiago Domínguez pide que non se lle malinterprete, e descúlpase se pareceu agresiva a súa intervención. Ambos debaten brevemente no chat.

Marta Pazos sinala que non se pode facer unha norma para cada caso concreto. Cre que xa hai mecanismos correctores e estes son os que habería que empregar. Non ve necesaria esta excepción.

Daniel Couto apoia a intervención de Susana Reboreda. Preocúpanlle os docentes que non se adaptaron ben á situación da docencia virtual. Continúa defendendo a súa proposta.

Antonio Collazo resalta que os alumnos están a realizar un sobreesforzo e que aquí trátase de atopar un equilibrio, xa que existen ferramentas para corrixir casos puntuais. Gustaríalle que a avaliación máis xusta partise do propio profesor, aínda que non se opón á proposta, que trata de corrixir unha situación excepcional. As modificacións, en todo caso, deberían ser mínimas. Propón que sexa o reitor e non o Consello de Goberno, en todo caso. Juan Manuel Cruz subscribe a proposta.

Juan Pardo matiza as súas palabras e apoia a idea de que xa existen mecanismos á disposición do alumnado a este efecto. O feito de que outras universidades impoñan esta medida non xustifica que a impoñamos nós.

Juan Jesús Rico sinala que “dende logo, se non se habilitan estes mecanismos adicionais a situación vai ser desfavorable.... do alumno da UVigo comparado co alumno da USC ou UdC”.

Eva M^a Lantarón pregunta se se vai a facer receso no Consello de Goberno, por cuestións de conciliación.

Elena Rivo comenta que está previsto que o procedemento interno para levar a cabo a modificación detallarase na oportuna resolución reitoral.

Raquel González comenta que “no considero que sea cuestionar lo que se va a hacer, sino tener presente que lo que se va a hacer es excepcional dadas las circunstancias excepcionales, y que puede haber fallos en dichas actuaciones ya que son nuevas para todos”.

Belén Rubio sinala que “hai que lembrar que UdC e USC a aprobaron”.

Daniel Cancela insiste nos problemas de desigualdade no SUG que poden xurdir.

O reitor sinala, en resposta a Antonio Collazao, que certamente o profesorado está a facer esforzos notables, pero insiste en defender a proposta como mecanismo último de defensa, que será excepcional e non cara ao curso seguinte.

Antonio Collazo sinala que, se vai a haber unha resolución reitoral, está de acordo en apoiar a proposta da UVigo.

Xoán M. Cebro propón que a votación se faga ás catro e que o equipo de goberno e o estudiantado se poñan de acordo nun documento único.

Juan Pardo insiste en que non deberían cambiarse as notas. Propón que sexa o centro o que xestione a situación. O reitor pídelle que prepare a proposta.

Daniel Couto propón apoiar a proposta da Uvigo, aínda que se reserva outras actuacións posibles ante a Xunta, e incluso os tribunais, cara a defensa dos intereses do alumnado en relación coa proposta que foi presentada por este, baseada no mantemento dos expedientes do alumnado.

O reitor pide o maior consenso posible en torno á proposta da Universidade de Vigo. Juan Jesús Rico comparte esta idea.

Proposta de Juan Pardo: "No caso de que se detecte unha variación significativa entre os resultados académicos correspondentes ao período de vixencia do estado de alarma e os correspondentes a cursos anteriores dalgunha materia, e que puideran considerarse atribuíbles á situación xerada polo tránsito á docencia virtual, a Universidade (COAP) despois de valorar o informe da Comisión Académica da titulación podería proceder a unha revisión das cualificacións".

O reitor lembra as razóns polas que se excluíu o informe do departamento. Francisco Rodríguez ve complicada a colaboración dos centros. Carmen Ruíz pregunta como se subiría a nota. Gil Garrote e Belén Rubio prefiren un criterio numérico, así como Daniel Couto.

O reitor e Juan Pardo debaten sobre a posible participación dos centros, de xeito que a aplicación meramente numérica poida ser acompañada dun informe da comisión académica. O reitor acepta que podería pedirse un informe ao centro que non sería vinculante. Xoán M. Cebro sinala que non da lugar a un informe do centro, posto que non é unha revisión de exame. Francisco Rodríguez pensa que é mellor que sexa o departamento. Debátese brevemente no chat sobre a oportunidade deste informe e quen debería emitilo.

Carmen Ruiz pregunta como se levará a cabo a modificación e que nota será. O reitor indica como se procederá a subir a cualificación, chegado o caso, aclarando o mecanismo presente na cláusula cun exemplo.

O reitor opina que será mellor que o centro ou o departamento non estean obrigados a emitir o informe. Será polo tanto un informe facultativo e non vinculante.

O texto quedaría como segue:

2. No caso de que se detecte unha diminución significativa entre os resultados académicos correspondentes ao período de vixencia do estado de alarma e os correspondentes a cursos anteriores nalgunha materia, e que puideran considerarse atribuíbles á situación xerada polo tránsito á docencia virtual, procederase a subir as cualificacións ata acadar unha situación semellante á de cursos anteriores, previo informe facultativo e non vinculante dos centros e/ou dos departamentos implicados. A tal efecto, considerarase que os resultados son significativamente distintos cando a media das cualificacións da materia sexa inferior á media dos cinco cursos anteriores menos dúas veces a desviación típica ou cando a porcentaxe de estudantes que aproben con respecto ó número total de alumnos sexa inferior á media dos cinco cursos anteriores menos dúas veces a desviación típica deste parámetro.

Apróbase este texto por asentimento.

Terceiro.- Sobre as garantías xerais de avaliación no entorno de docencia virtual.

1. Independentemente da modalidade de avaliación non presencial elixida para cada materia, o profesorado deberá establecer procedementos de avaliación alternativos para garantir que todo o alumnado poda ser avaliado.

2. O alumnado que amose unha imposibilidade manifesta cara á realización das probas programadas, ben sexa por non dispoñer dos medios técnicos necesarios ou por outra causa consecuencia do estado de alarma decretado, deberá ser provisto polo profesor coordinador da materia de un medio de avaliación alternativo, adaptado á súa situación (nos prazos de entrega, exame oral por videoconferencia ou vía telefónica, etc.).
3. A imposibilidade manifesta de realizar unha proba de avaliación deberá ser comunicada polo alumno/a afectado/a por correo electrónico ao profesorado responsable coa suficiente antelación, para poder garantir unha adecuada planificación das probas.
4. Aos efectos do sinalado nos puntos anteriores, farase pública una guía que recolla as posibles situacións que impidan a realización de probas non presenciais por parte dos estudantes, que conterà tamén as posibles opcións de avaliación para estes casos.
5. No caso de que un profesor non estea en condicións de cumprir coas súas obrigas docentes debido a situacións excepcionais motivadas pola crise sanitaria actual, deberá comunicalo ao decanato ou dirección do seu centro e do seu departamento para que tomen as medidas necesarias que aseguren que o alumnado sexa avaliado.
6. En todo caso, as comisións encargadas da coordinación académica de cada titulación establecerán planes específicos para a avaliación do estudiantado con necesidades especiais acollido ao programa PIUNE.

Non hai debate, apróbase por asentimento.

Cuarto.- Sobre a realización das probas no entorno virtual coas debidas garantías.

1. Cara a realización das probas de avaliación no entorno virtual coas axeitadas garantías, con particular atención á protección de datos das persoas implicadas, dítase a oportuna resolución, á que deberán remitirse tanto o profesorado como o alumnado.
2. Dadas as características específicas da realización de probas non presenciais, fará público un documento no que se recollerá un compromiso de integridade académica respecto á docencia e a avaliación, de obrigado cumprimento.

O reitor alude a cuestións de protección de datos. A responsabilidade polo uso de ferramentas alleas non é da Universidade. Íñigo Cuiñas pregunta pola redacción do punto 2, e quen fará o documento. O reitor sinala que será a Reitoría. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica que se acaba de remitir aos decántos e as direccións dos centros ese documento sobre o compromiso ético.

Apróbase este texto por asentimento.

Quinto.- Sobre as garantías na revisión das probas.

1. A revisión das probas realizarase no día e hora fixados polo profesorado e de forma non presencial.
2. O alumnado terá dereito a revisar os documentos nos que se basee a súa cualificación, podendo levarse a cabo a interacción co profesorado a tal efecto mediante calquera medio que permita, ben sexa síncrono (como a videoconferencia) ou asíncrono (como o correo electrónico institucional).

Francisco Rodríguez pregunta polo uso de salas para a docencia virtual e solicita que haxa máis recursos de campus remoto destinados á revisión das probas. Se pode ser unha sala por profesor, sería mellor. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica que se está a estudar este asunto. Tamén en relación coa gravación. Sinala que se poden ampliar as salas e comenta o que se poderá facer coas gravacións. Haberá que avaliar as posibilidades de carga. García Cutrín comenta que o máis sinxelo sería exportar a gravación e que se a quedase o docente. O reitor indica que o ideal sería que as probas foran almacenadas no despacho virtual do profesor. Francisco Rodríguez responde

que non é certo que o seu centro estea a quedarse atrás e que solicitou sempre aulas desde o inicio. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade respóndelle que a todos os centros se lles ofertaron vinte aulas e que o seu centro optou polo programa zoom, pero que se poden pedir máis aulas. Hai centros que usan outras plataformas. Explica que vaise pouco a pouco para a implementación das medidas. Francisco Rodríguez sinala que non se lles concederon recursos cando foron pedidos e alude ao problema que teñen, xa que os solicitaron no seu momento. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade animalle a que presente unha solicitude coas necesidades. O reitor conclúe o debate agradecendo a colaboración de todos.

Raquel González pide que se poidan descargar as gravacións das clases e colgalas en Faitic. O reitor sinala que estase a traballar nestas cuestións. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta que pode haber problemas técnicos. José Manuel Cruz aclara que “ahora ya se pueden subir a Faitic enlaces a los vídeos de las clases, y de hecho algunos profesores ya lo estamos haciendo”.

Sexto.- Sobre a defensa dos traballos fin de estudos.

1. Os centros poderán realizar novas convocatorias de defensa de TFG e TFM respectando en todo caso e necesariamente a data aprobada como límite de entrega de actas en cada oportunidade no calendario académico da Universidade de Vigo.
2. En tódolos casos, admitirase a defensa non presencial do traballo.
3. Autorízase a defensa ante un tribunal unipersoal, independentemente do que estea recollido na normativa do centro, si este así o determina.
4. As defensas serán públicas, precisándose para cumprir este requisito que se publique a data e a hora do acto de defensa, a sala virtual e a clave de entrada, si a defensa se leva a cabo a través de campus remoto.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento.

Sétimo.- Sobre as prácticas en institucións ou empresas.

O período de realización e avaliación das prácticas externas do último curso de titulacións que habiliten para o exercicio de profesións reguladas amplíase ata o 31 de outubro, podendo aprobar o Consello de Goberno en circunstancias excepcionais, a súa extensión ata o 31 de decembro de 2020, aplicándose en tal caso o indicado no punto 4 da Resolución Reitoral do 1 de abril (sobre as prácticas académicas externas e as bolsas de formación complementaria do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19), que permite presentar e defender os traballos de fin de estudos (TFG ou TFM) aínda que non se completase e superase o período de prácticas curriculares.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento.

Oitavo.- Sobre a modificación das guías docentes.

De ter que realizarse os exames de segunda oportunidade de xeito non presencial, fíxase como data límite para a modificación das guías docentes do primeiro cuadrimestre o día 30 de maio, debendo asemade, en tal caso, ir encamiñadas as modificacións unicamente ao cambio da modalidade do exame final así como a unha posible redución da súa ponderación.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento.

Noveno.- Sobre a modificación de requisitos para o acceso a másteres e programas de doutoramento.

O requisito de presentación do título universitario correspondente para o acceso a estudos de máster e doutoramento poderá realizarse ata o 31 de decembro de 2020, tendo a admisión e matrícula carácter de provisorios e quedando condicionados ao cumprimento deste requisito no prazo indicado.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado aclara que debe cambiarse o texto, a suxerencia dos servizos, polo seguinte:

“O acceso aos estudos de máster e doutoramento autorizarase ata o 31 de decembro de 2020 mediante o procedemento de matrícula fora de prazo”.

Apróbase este segundo texto.

Apróbanse as medidas previstas neste punto catro cos matices expostos.

5.- Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso académico 2020/21.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen sinala que enviouse xunto coa documentación correspondente a esta xuntanza:

- o calendario da Universidade de Vigo.
- o calendario do Centro Universitario da Defensa.

En ámbolos dous casos, o calendario é basicamente semellante ao do curso presente, coas adaptacións pertinentes en canto ás datas do curso 2020/21. Non hai cambios significativos nin de fondo nin de forma. A data de comezo de actividades é a sinalada pola Xunta de Galicia no Decreto de prezos públicos: o luns 7 de setembro do 2020.

Apróbase por asentimento o calendario académico para o curso 2020/21 da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento o calendario académico para o curso 2020/21 do CUD.

6.- Aprobación, se procede, da selección das áreas de coñecemento participantes na convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor do primeiro concurso de profesorado contratado no curso académico 2020/21.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer este asunto. A documentación foi acompañada coa orde do día. Baséase na normativa aprobada no Consello de Goberno do mes de marzo. Sinala que foi resolto o dito procedemento, que se trae a Consello de Goberno. Non está delegado na COAP. Plantexábase a posibilidade de crear unidades docentes nos departamentos e creáronse catro. Presentáronse 23 solicitudes, aínda que algunha non cumpría os requisitos. 20 solicitudes cumprían os requisitos e había 20 prazas dispoñibles, polo que non hai problema. Podería haber cambios na prazas propostas, previa aprobación do Consello de Goberno. Asemade hai catro prazas adicionais, procedentes dos mecanismos de consolidación de asociados. Os concursos saírán cando se levante o estado de alarma, ante a pregunta de Pedro González Santamaría, podendo quedar algunhas para o concurso do segundo período. Agradece o traballo de Cristina Gallego, a directora de área de profesorado.

O reitor comenta as peculiaridades de Enxeñaría Aeroespacial do Campus de Ourense e o compromiso do equipo reitoral cos alumnos da titulación.

Óscar Ferreiro pregunta pola praza de Tradución. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sinala que sairá mais adiante, xa que se recibiu un escrito ao respecto.

Apróbase por asentimento a selección das áreas de coñecemento participantes na convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor do primeiro concurso de profesorado contratado no curso académico 2020/21.

7.- Aprobación, se procede, dunha suspensión parcial da normativa de permanencia cara ao procedemento de matrícula do curso académico 2020/21.

O reitor expón que a idea é introducir unha Disposición Transitoria na normativa de permanencia (o que requirirá asemade informar ao Consello Social) do xeito seguinte:

Disposición Transitoria Segunda. Con carácter extraordinario, dada a situación creada polo estado de alarma declarado polo Real Decreto 436/2020, do 14 de marzo, o alumnado da Universidade de Vigo que desenvolva estudos oficiais de grao ou máster durante a vixencia do dito Real Decreto ou as sucesivas prórrogas do mesmo, poderá solicitar á Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade, ou ao órgano con competencias neste trámite, que non se lle apliquen os artigos 5 a 8 da presente normativa, cando fose procedente no caso concreto, cara ao procedemento de matrícula no curso académico 2020-2021.

O reitor comparte a preocupación do CEUVI, xa que a proposta pretende garantir a continuidade dos estudos. Optouse entón por introducir unha Disposición Transitoria na normativa. Deberá informarse ao Consello Social. Natalia Caparrini comenta que se tramita no período de matrícula, polo que non hai excesiva urxencia.

Apróbase por asentimento a suspensión parcial da normativa de permanencia introducindo na mesma unha Disposición Transitoria

8.- Presentación ante o Consello de Goberno do Informe sobre Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao ano 2018.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, que procede a expoñer os puntos fundamentais do informe, que foi axuntado co resto da documentación e que será pendurado na páxina web da Universidade no apartado relativo a transparencia. A memoria reflexa os esforzos feitos pola Universidade no eido da Responsabilidade Social. O resumo presentado pola vicerreitora será asemade pendurado na web. O reitor subliña o compromiso da comunidade universitaria cos obxectivos do 2030. Agradece a intervención da vicerreitora.

9.- Quenda de intervencións.

Marta Pazos pide unha aclaración sobre a Resolución Reitoral do 24 de abril sobre protección de datos. O secretario xeral aclara a cuestión sobre o punto quinto, destinado simplemente a non ter que pedir o consentimento do profesorado no almacenamento das gravacións das clases nos repositorios da Universidade de Vigo. Non é preciso o consentimento cara a gravación e o almacenamento durante o curso académico. De cara a cursos seguintes, se conteñen imaxes ou son do alumnado, hai que pedir consentimento. Pregunta asemade Marta Pazos sobre o uso de ferramentas alleas. Neste sentido, acláraselle que a Universidade non as prohibe pero non se fai responsable do seu uso polo profesorado que as elixira fronte as propias da Universidade.

María José Ríos comenta dúas cousas: “no informe falaches da supresión do Campus Camp, poderías dicirme en que se basea esta supresión?. A segunda, é se hai pensada algunha alternativa en canto á conciliación, ante o feito de que as aulas para as crianzas xa non se van retomar”. Esta foi a resposta de M^a Isabel Doval: “Cos datos e previsións actuais a Universidade non pode ofrecer garantías de seguridade para o desenvolvemento dunha actividade na que estarían máis de 20 nenos e nenas xuntos.

É esta unha decisión que nos apena, porque o pasan ben ao tempo que aprenden e porque as familias debemos ter unha opción para non deixar aos cativos sos ou non depender de terceiras persoas. Podo asegurarnos que esta decisión a tomamos desde a responsabilidade, seguindo as recomendacións das administracións sanitarias competentes e coa finalidade de non poñer en risco a saúde das persoas que formamos parte da comunidade universitaria. Namentres, seguiremos traballando para poñer en marcha cando sexa posible un servizo que nos permita conciliar coas máximas garantías a vida laboral e familiar e con actividades socioeducativas e de ocio de calidade”.

Íñigo Cuiñas plantexa os problemas dos prazos nas teses de doutoramento. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara a decisión que tomou a EIDO a este respecto. Se está a traballar nunha resolución reitoral cara a permitir a lectura de todas. Pregunta polas aportacións da Universidade a un proxecto de RD do Ministerio de Universidades. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado responde sobre esta iniciativa, indicando que están a prepararse as achegas, xa que o texto recibíuse na Vicerreitoría no día de onte. O reitor entende que se convocará a diversos colectivos.

Juan Rico pregunta sobre a gravación da reunión co CEUVI. O reitor marcará o acceso á mesma para o alumnado na sala virtual. Lamenta que non se concedera a palabra aos compañeiros do alumnado. Convida a unha reflexión sobre os problemas técnicos de acceso que ten o alumnado. Eleva unha petición á secretaría xeral para ter unha listaxe do alumnado da Uvigo con acceso ao correo electrónico. O secretario xeral comenta que pode haber trabas derivadas da protección de datos. O reitor comparte varias da reflexións de Juan Rico. Estase a traballar en alternativas viables en caso de problemas coas probas.

Susana Reboreda pregunta respecto a avaliación nos títulos interuniversitarios, se o axuste das cualificacións previstas será de oficio, polo uso de e.meeting; e tamén se se pararon as oposicións, xa que está convocada a unha. O reitor entende que non haberá problema cos títulos interuniversitarios. Responde o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que non hai problema en canto á celebración de oposicións, se xa estaban as listas definitivas.

Juan Pardo pregunta polo emprego de ferramentas alleas nas probas de avaliación, a raíz dunha resposta da Secretaría Xeral. O secretario xeral indica que non procede obrigar ao alumnado a empregar estes medios. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado profundiza nesta idea. Sinala asemade que enviouse unha folla Excel aos centros para que aclaren determinadas cuestións. Coméntase que sería bo que o código ético se publicase na Secretaría Virtual.

José Manuel Cruz pide que os coordinadores das materias poidan acceder ás medias e desviacións previstas no acordo que acabamos de aprobar sobre variación das cualificacións do alumnado.

Xoán M. Cebro comenta que debería reunirse a Comisión de seguridade no traballo, ou que o Servizo de Prevención e Riscos Laborais estea presente nunha reunión cara a estudar a desescalada. Comenta certos aspectos relativos á mesma e ás demandas do PAS sobre seguridade. Pregunta asemade polo Campus Camp. Aclara no chat o seguinte: “a miña reflexión é que se reúna a Comisión de prevención antes da reunión coa representación sindical. É absurdo tomar decisións sen saber as cuestións técnicas, por exemplo material de protección, adecuación de espazos..., á reunión cos órganos de representación tería que ir unha persoa do Servizo de Prevención e Riscos Laborais”. O reitor responde que seremos completamente coidadosos con estas cuestións. Haberá que ir progresivamente. Do Campus Camp xa se falou anteriormente e remítese á resposta da vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

Luis Pérez comenta sobre a protección de datos e ten dúbidas en canto á utilización de ferramentas non oficiais. Pensa que no caso de exames se deben ter todas as garantías e que non se debe empregar ferramentas alleas en tal caso, so as oficiais. Sobre a desescalada ten dúbidas derivadas do tránsito entre provincias, se ambas están na mesma fase da desescalada, e as autorizacións para desprazamentos, sobre todo cara ao alumnado e a carga de traballo para o PAS. Reflexiona tamén sobre o Campus Camp, cara a cobertura da conciliación, ou sistemas alternativos. O reitor responde que non pode avanzar cuestións

concretas sobre a desescalada, xa que estase aínda a traballar na mesma. Pensa que é acaído prever xuntanzas de distintas comisións, unha vez reunida a máis técnica. A xerenta puntualiza que as negociacións sobre a desescalada terán que ir consensuadas coas medidas que se propoñan dende o Servizo de Prevención e Riscos Laborais.

Raquel González comenta un escrito sobre a Escola de Enxeñaría Industrial. Queda en achegalo á Secretaría Xeral para que se incorpore á acta (ANEXO). Sinala que non teñen queixa da actitude da Reitoría. O reitor toma nota, pero sinala que está orgulloso da formación que se recibe na EEI.

Eva Lantarón reclama a necesidade de cursos de formación sobre avaliación virtual por parte do profesorado. Tamén pregunta pola mudanza de residencia do alumnado. O reitor sinala que os permisos a este respecto foron anulados pola Delegación do Goberno, aínda que inicialmente lle valían. Tamén foi plantexado na reunión co Ministro de Universidades. Aclara que cando chegue o momento en que se permita, volveranse a emitir, se é necesario. Eva Lantarón comenta que hai problemas ás veces co audio nas salas virtuais. O reitor aconsella que se mande un correo á vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.

Javier García Cutrín quere unha aclaración sobre o proceso de actas e sinatura co móbil, xa que no seu departamento houbo un acta que firmou o secretario.

Francisco Rodríguez comenta que no seu centro non se poden cambiar as datas de exames finais, xa que están aprobadas, se houbera problemas de carga. O reitor pensa que non haberá problemas e que os cambios serán mínimos.

Daniel Couto comenta que xa resolveu as dúbidas sobre a protección de datos. Comparte no fondo a visión da súa compañeira Raquel González, que se recolleu antes na carta que se incluíra neste acta. Comenta que todos debemos facer cesións no entorno actual. Reitera que tentará falar coa conselleira de Educación sobre as posibles diferencias que albisca, dentro do SUG, cara aos acordos acadados hoxe. Invita a unha reunión futura co alumnado para facer un seguimento da situación. O reitor recolle a luva de celebrar unha xuntanza.

Xoán M. Cebro pregunta se é posible que o equipo de goberno fale co servizo que expide os títulos, de xeito que o alumnado poida recoller o correspondente resgardo on-line. María José Ríos comenta que a EGAP envía os títulos dos cursos. O reitor responde que xa se falou na CRUE cara a substituír o sistema actual por un de título electrónico.

O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta certos aspectos sobre a desinfección dos espazos. Tamén comenta que se farán as reunións oportunas cara ao procedemento de desescalada, pero prefíre que haxa achegas previas da maioría dos implicados no proceso, para poder elaborar un borrador. A xerenta comenta que se está a preparar un documento e que unha cousa é o comité de seguridade e outra as negociacións para a incorporación do PAS. Non haberá inconveniente en continuar co traballo a distancia na medida do posible. Farase todo pausadamente.

Santiago Domínguez plantexa que se os exames se acurtan en duración, deberían acurtarse os contidos. O reitor comenta que estase a traballar nunha guía de exames que se comunicará.

Luis Pérez achega as observacións de Carlos Mollinedo, a quen lle falla a conexión. Quere dar ao seu apoio a alumna Raquel González e os parabéns a toda a comunidade universitaria polo bo facer desenvolvido, á espera de que a situación remate. Pregunta se se están a realizar protocolos de risco cara á volta á Universidade e se están a participar os sindicatos. O reitor aclara que algunhas destas cuestións xa foron respondidas. Os aspectos técnicos do desconfinamento serán abordados nunha comisión técnica.

O reitor conclúe a reunión felicitando a toda a comunidade universitaria polos consensos acadados en torno a unha situación tan complexa e descúlpase pola duración da xuntanza.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17:05 h. do día 29 de abril de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Me siento sola.

Buenos días, mi nombre es Raquel y para los que no me conozcan soy alumna de la UVigo en la EEI.

Me gustaría empezar esta intervención agradeciendo la labor de las distintas delegaciones y del CEUVI en estos momentos tan complicados para todos.

Agradecer también a rectorado su predisposición y el haber estado siempre abiertos a hablar, y lo más importante, para escuchar. Gracias por tener en cuenta varias de las medidas que os hemos propuesto y por ser flexibles a la hora de implantar otras muchas.

Es un momento difícil, lo sabemos, pero lo que más nos duele es que cuando parece que todas las escuelas y facultades están de acuerdo, aparece **una** que no.

Juntos hemos consensuado medidas coherentes que se estaban aplicando en la mayoría de los centros y que los alumnos veíamos comprensibles.

Desgraciadamente, parece que una pequeñísima parte de todo lo que es la UVigo prefiere autoatribuirse un poder de decisión que no tiene, imponiendo su verdad contra la de los demás. No satisfechos con dividirnos, pretenden que se eche por tierra todo el trabajo que se ha hecho hasta ahora con rectorado.

Yo he venido a unir fuerzas, a construir, a hacer de la UVigo la mejor institución posible, considero que es parte de mi labor como miembro de la representación estudiantil, para que en un futuro otros la puedan tomar como ejemplo. Yo soy y me siento parte de la UVigo. No quiero que otros destruyan todos los avances que hemos conseguido entre todos.

Empecé mi intervención diciendo que me siento sola.

NO me siento sola por el confinamiento. Me siento sola porque en la EEI los alumnos no tenemos voz. Se nos ignora, para ellos el alumnado carece de importancia a la hora de tomar decisiones importantes.

El otro día se aprobó el posicionamiento de TODA una escuela con los votos en contra de TODO el sector alumnado. ¿Cambió algo? ¿Alguien se preocupó por esto? La respuesta es NO, se aprobó como si nada sucediese. (De echo, se aprobó por asentimiento, con los votos en contra del alumnado).

Yo os pregunto ¿Es ético aprobar el posicionamiento de toda una escuela sin un consenso entre PDI, PAS y alumnos? ¿Qué es la universidad? ¿Somos todos o solo unos pocos? Y esta es solo una de muchas....

Correo un domingo a las 22:00 para cambiar la clase de las 9:00 del lunes.

- Mails a las 2:00am de profesores para tener clase ese mismo día
- Test en domingo avisando 5' antes
- Profesores negándose a dar clase por campus remoto porque con los pdf de años anteriores llega.
- Profesores afirmando que el examen sigue siendo un 80% porque no le obligan, y así se mantiene el alma de la materia.

- Exámenes “parciales” que se solapan entre si.
- Modificar la guía docente y anular todas la pruebas parciales que ya se hicieran. Profesores de la misma materia con la guía docente ya modificada poniendo fecha para el parcial.
- No obtener respuesta de tutores de TFG desde que empezó la cuarentena.
- Responder a los QSP de los alumnos con un “Copia Pega” y alegando que la culpa es del rectorado que reclamemos a ellos.
- Responder a correos anulando las prácticas y la evaluación continua de los alumnos sin dar explicaciones al respecto.
- Hola seguimos sin noticias de nuestro profesor de física y ex-director de la escuela. No tenemos clase desde el día 13 de marzo. Siguen enviando material para trabajar del cual no recibimos clases y nuestra única guía es un libro (Sears) que no tiene todo el mundo y que por derechos de autor está en la biblioteca. Sumando que entra en el examen parte de termodinámica, electromagnetismo, e inducción que no se han ni explicado. Espero que se informe al rector de la universidad de Vigo de todo esto cuanto antes y no el 1 de junio. Si la matrícula es autodidacta que porfavor se nos devuelva el dinero de la matrícula.

Siempre se hace hincapié en que el material de faitic es sólo para apoyo, pero que sin ir a clases ni buscando en la bibliografía no es suficiente para estudiar la asignatura. Qué pasa ahora con las asignaturas que, sin docencia virtual y sin acceso a los libros, y con el cambio de criterio de algunos profesores de que “con lo que se sube en la plataforma es suficiente” si sigue habiendo el mismo material en la plataforma. Si la matrícula es autodidacta que porfavor se nos devuelva el dinero de la matrícula.

Asignaturas en las que el docente no cumple con los horarios de docencia, ni da las clases en otro horario, ni siquiera las sustituye por unos videos dando la clase aunque luego se pudieran preguntar dudas por otros medios. En estos casos no se cumple la carga de horas lectivas estipulada en guías docentes, pero en cambio si que se exige más trabajo autónomo del alumno, aumentando su carga de horas dedicadas a estudio (y a comprender la teoría y buscar información adicional). Si la matrícula es autodidacta que porfavor se nos devuelva el dinero de la matrícula.

Los alumnos os pedimos que no se estropee ahora la gestión de la UVigo ante esta crisis. Como representante pero sobre todo como alumna **no quiero estar sola**. Es el momento de actuar juntos y **no** el de rendirse ante presiones que solo buscan dividirnos.

Muchas gracias